

Proxecto Voz Natura 2016

CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA.

A CORUÑA

TÍTULO : Pasos cara un colexio máis ecolóxico.

- 1. Xustificación do proxecto.
- Reducir, reciclar e reutilizar son accións coas que estamos cada vez máis afeitos e que nos resultan máis doadas de facer. Aínda así mudar os hábitos adquiridos é difícil e precisa de esforzo e constancia.
- Para as nenas e os nenos, que teñen todo por aprender, adquirir estes hábitos é doado e , ademais, se lles damos a información, os orientamos e animamos, o fan con entusiasmo.
- Cada día somos máis conscientes dos perigos que corre o planeta e de que non se poden demorar máis as accións para salvalo.
- Salvar o planeta é posible se todos mudamos os hábitos perxudiciais por outros que colaboren para facelo máis habitable no tempo.
- Que podemos facer dende o colexio?
- 1º Ser conscientes dos problemas do planeta.
- 2º Identificar as acción que o perxudican.
- 3º Intentar mudar estas accións.
- 4º Identificar accións a favor do planeta.
- 5º Implementar estas accións.

- O noso proxecto se desenvolve seguindo estas cinco fases e está aberto ás aportacións de toda a comunidade educativa.
- **Primeiro** identificaremos os problemas: cambio climático, deforestación, chuvia ácida, contaminación, desaparición de especies... a través de paneis de información, contos, etc.
- **Segundo**, identificaremos accións que perxudican o planeta. Consumo e derroche de enerxía, uso de enerxías de fontes non renovables, consumo excesivo de materias primas, acumulación de produtos de refugallo e contaminantes...
- **Terceiro**, mudar estas accións: reducir o consumo e produción de material de refugallo, reducir o uso de envoltorios e envases, non malgastar enerxía nin auga, reducir o usos de plásticos e materiais derivados do petróleo, limitar o uso de aerosois...
- **Cuarto**, accións a favor do planeta. Recoller, separar e reutilizar os produtos de refugallo. Favorecer a biodiversidade plantando e propiciando espazos para insectos, anfibios, aves..., usar menos coches para ir ao colexio, facer do colexio un espazo máis ecolóxico...
- **Quinto**, implementación destas accións coas seguintes actuacións:

Colocar recipientes para a recollida selectiva de materia orgánica, papel, tapóns, pilas, envoltorios...

Usar a materia orgánica nos vermicomposteiros e a horta.

Facer bancos de cartón, papel reutilizable, envoltorios... para poder ser utilizado nas actividades do centro.

Facer carteis informativos sobre problemas do planeta, como aforrar auga, enerxía e das campañas que se fagan ao longo do curso relativas ao proxecto.

Propiciar o uso de recipientes ou bolsas reutilizables para traer as merendas e usar botellas de plástico, vasos de iogur... para facer recipientes para plantas e regadeiras por aula.

Favorecer o achegamento de paxaros e a biodiversidade cuidando e plantando alguna árbore máis no recinto escolar e construíndo un espacio de plantas aromáticas.

Favorecer a biodiversidade construíndo unha pequena charca para anfibios.

Adoptar espacios do recinto escolar por aulas para cuidalos e, se é preciso, modificalos para facer deles, espacios máis ecolóxicos.

Promover a recollida de aceite usado.

Continuar co grupo de ecovoluntarios para colaborar coa boa marcha do proxecto.


Tomar datos sobre consumos de enerxía, asistencia ao colexio en coches, fugas de auga ou enerxía... para mellorar a eficiencia enerxética do colexio.

Poñerse en contacto con editoriais, medios de comunicación e autoridades dende o ámbito local ata o internacional e en diferentes idiomas, solicitando o seu compromiso para coidar do planeta.

Realizar experimentos que evidencien os problemas de contaminación: enterrar distintos tipos de residuos para ver cales son biodegradables e cales non. Comprobar o efecto de líquidos contaminantes poñendo en varios recipientes con líquidos con colorantes plantas como as flores de caravel branco ...

- Para a posta en práctica das actividades aproveitamos a inercia do centro e as xa realizadas na historia do colexio en canto á recollida selectiva de lixo, o tratamento do mesmo, traballo de horta, actividades do profesorado a favor de hábitos ecolóxico, etc.
- Este proxecto pretende unha toma de conciencia sobre como os nosos actos poden favorecer ou perxudicar o planeta e na medida do posible, que as nosas accións se dirixan cara un colexio máis amable coa terra.
- Coñecer as consecuencias dos nosos actos axúdanos a decidir que facer en cada caso. Se recollo unha lata no campo, sei que evito que un animal se dane con ela e que o solo non se contamine. Se a deixo, deberei saber que algún animal pode saír perxudicado.
- As nosas actuacións por salvar o planeta tamén nos darán a forza moral de pedir ás autoridades que colaboren do mesmo xeito.
- Calendario de execución e actividades:
- Setembro 2016: Tarefas de divulgación informativa, formación de grupos de ecovoluntarios. Creación de bancos de recollida de material. Cuidado dos vermicomposteiros.
- Outubro 2016: Elaboración de carteis informativos e distribución dos mesmos.
- Distribución de contenedores para a recollida selectiva de residuos. Distribución de espazos para cuidar. Plantar árbores no recinto escolar.
- Novembro 2016: Experiencias ecolóxicas. Construción de charca de anfibios.
- Decembro 2016: O Nadal e a reciclaxe. Reutilización de material nas actividades. Información para un Nadal ecolóxico.

- Xaneiro 2017. Recollida de envoltorios, xoguetes para darlle novo uso.
- Febreiro 2017: Plantar froitais.
- Marzo 2017: Plantar aromáticas.
- Febreiro- xuño 2017: Continuar as labores de horto escolar, sementar plantas por aulas, preparar macetas, regadeiras e casas de paxaros con botellas de plástico e tetrabriks. Facer balance de actividades dos ecovoluntarios.
- Xuño 2017 : Participar na festa de Voz Natura preparando a exposición cunha mostra do traballo realizado.



- Estas actividades están abertas as aportacións de toda a comunidade educativa.